

Bos Aires, 26-8o-1953.

*Carteiras  
arch.*

Sr. Don Valentin Paz Andrade.

Moi estimado amigo:

Na duda de que vostede estivera fora de Vigo cando recibin carta de Pepe Nuñez preguntándome si preciso de algo que il ~~quid~~ poida xestionarme denantes do seu regreso a Bos Aires, aproveitei de escribir lle sobor dun asunto, pregándolle que se entrevistara con vostede para espricarlle canto eu lle decia na miña. Non sei si se atoparon ou non, e por iso decido enviarlle tamén as presentes liñas, por sere urxente a razón que me obriga a elo. Fai dias recibin un aviso, no que me comuñican que a sepultura nosa de Pontevedra onde está enterrado meu pequeno fillo, venceu xa os 25 anos que tinamos pagados, o dia 17 de agosto pasado, sendo necesario, -o mais axiña posibre-, renovar outro pago a fin de non me expoñer a piores males, ademais de parecerme xusto o que se me exige. Necesito pois de vostede amigo Valentin pra que me faga o grandismo favor de intresarse n-este asunto, que confio nas suas máns segura de que o arraxará e por que edemais non vexo modo de poder sustraelo a esta nova molestia toda vez que miñas irmáns nada poderán facer non dispoñendo dun poder meu que non teñen. Por razóns de sentimento que non son do caso espoñer agora, eu desexo, e debo mercar dita sepultura a perpetuidade, quitándome eisi unha preocupación que non me deixa acougada. A cantidade que se precisa pra facer efectivo ise pago (a perpetuidade) e, pol-o visto de 2.500 pesetas, que vostede fará o favor de sacalas da miña conta corrente igual que fixo n-outra ocasión, xa que a min convenme mellor pagar con pesetas que desprenderme de pesos...vostede me comprende. Sara e Clemencia atópanse en Vigo na censadora faena de levantar sua casa, de modo que si precisa d-elas pra algún dato sobor do panteón, penso que aínda seguirán por Vigo durante un tempo mais. Gracias por todo amigo Valentin, esperando de vostede algunha noticia. Este deslabazada carta, débese a unha rapaciña que teño aquí e non me deixa en paz.

Coido que aínda estarán disfrutando dun lindo tempo, que pronto se revirará pra vir cara a nos que ben o merecemos despois da invernia crua que que soportamos este ano.

Xa saberá da labours formidabre que desenrolou Garcia Sabell durante as xornadas galegas, e o recordo gratisimo que deixou no curazón da xente de eiqui. Intelixente, bó, e galego cen por cen.

¿ Que dice e que fei Pilara ? Reciba ela, Alfonsiño e vostede, unha aperta forte d-esta amiga que os lembra con agarimo

*Tempo e  
Rosina P. de Castelao*